

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

710 *Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola.*

Nas últimas décadas, a Unión Europea (UE) levou a cabo un extenso desenvolvemento normativo no referente a lexislación alimentaria, co obxecto, entre outros, de garantir a seguridade e a inocuidade dos produtos alimentarios da Unión Europea. Neste sentido, o Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, establece o marco comunitario de regulación en materia alimentaria.

O Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, foi desenvolvido e complementado por varias outras disposicións, as cales se denominan en conxunto «paquete de hixiene», de entre as que interesan, por afectaren a produción primaria agrícola, o Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e o Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos.

Ademais das obrigacións establecidas en materia de rexistro para as explotacións agrícolas, o Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, establece as condicións que deben cumprir as explotacións agrarias en materia de hixiene. Os Estados membros deberán supervisar o correcto cumprimento das ditas obrigacións mediante programas de control oficial; eses programas deberán cumprir cos requisitos recollidos no Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

Sen prexuízo da eficacia e aplicabilidade directa da regulamentación mencionada, cómpre ditar disposicións específicas para a súa aplicación en España, nos aspectos mencionados.

Neste sentido, desde a publicación dos regulamentos coñecidos como «paquete de hixiene», nin os Estados membros nin a Comisión Europea interpretaban claramente que a produción primaria agrícola se encontraba incluída no ámbito de aplicación do antes citado Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, pois a definición de alimento excluía especificamente as plantas antes da colleita da dita definición. Dado que se consideraba que o mencionado regulamento se aplicaba unicamente a alimentos, non se asumiu de maneira clara que a produción primaria agrícola estaba incluída nel. Unha serie de auditorías levadas a cabo pola FVO (Oficina Alimentaria e Veterinaria da Comisión, na súa sigla en inglés), a raíz da coñecida como «crise do E. Coli», erroneamente atribuída nun principio ao cogombro, deixaron patente a falta de implementación do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, na produción primaria agrícola en toda a Unión Europea, motivo polo cal se procedeu a crear un grupo de traballo específico e á posta en marcha dun programa de formación específico para aplicar o mencionado regulamento en toda a cadea alimentaria.

Así, este real decreto crea e regula o Rexistro Xeral da Produción Agrícola, que, ademais de ser imprescindible para o cumprimento da normativa comunitaria sobre

seguridade alimentaria ao constituír un elemento esencial para os servizos de inspección de calquera ámbito territorial, será un instrumento válido e conveniente para outros fins da política agraria.

O Rexistro Xeral da Produción Agrícola constituirase como unha suma dos distintos rexistros autonómicos e crearase, ademais, unha base de datos nacional, a cal redundará na mellora da unidade de mercado prevista na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. Este Rexistro Xeral da Produción Agrícola complementará o Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos creado mediante o Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, o Rexistro Xeral de Establecementos no Sector da Alimentación Animal previsto no artigo 4 do Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos e se establece o Rexistro Xeral de Establecementos no Sector da Alimentación Animal, e o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, de maneira que os operadores de todas as fases da cadea alimentaria constarán en bases de datos informatizadas a nivel nacional.

Ademais, o presente real decreto tamén ten como obxectivo a creación e regulación dos programas de control oficial da hixiene na produción primaria agrícola.

O presente real decreto dítase ao abeiro do previsto na disposición derradeira quinta da Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu o seu preceptivo informe.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 16 de xaneiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular as condicións de aplicación da normativa en materia de hixiene dos produtos alimenticios na produción primaria agrícola, previstas no Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e no Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos.

2. O presente real decreto será de aplicación ás explotacións que realicen a súa actividade no ámbito da produción primaria agrícola.

3. Este real decreto non se aplicará ás explotacións que destinen integramente as súas producións ao consumo doméstico privado.

4. Aquelas explotacións en que se produzan, ben produtos agrícolas e gandeiros, ben produtos agrícolas ou outros produtos alimenticios que excedan as fases da produción primaria, deberán cumprir con todas as obrigacións establecidas no presente real decreto no ámbito da produción primaria agrícola, sen prexuízo do resto de obrigacións establecidas, tanto na normativa nacional como comunitaria, para os ámbitos diferentes á produción agrícola, incluídas as previstas no Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos; no Real decreto 379/2014, do 30 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de autorización de establecementos, hixiene e rastrexabilidade, no sector dos brotes e das sementes destinadas á produción de brotes; no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, e no Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que

se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos e se establece o Rexistro Xeral de Establecementos no Sector da Alimentación Animal.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións previstas nos artigos 2 e 3 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan os procedementos relativos á seguridade alimentaria; no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 852/2004; no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre controis oficiais de alimentos e pensos; no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005; no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 396/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de febreiro de 2005, relativo aos límites de residuos de praguicidas en alimentos e pensos de orixe vexetal e animal e que modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello, e no artigo 2 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Agricultor: persoa ou agrupación de persoas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, cuxa explotación se encontre no territorio español e que exerza unha actividade agrícola. O termo «agricultor» correspóndese, en canto concirne a produción primaria agrícola ou forestal, cos termos «explotador de empresa alimentaria», definido no Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, e «explotador de empresa de penso» definido no Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

b) Explotación agrícola: o conxunto de unidades de produción administradas por un mesmo agricultor, en cada campaña, que se encontren no territorio español.

Artigo 3. *Administracións competentes.*

1. A Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente é o órgano nacional competente designado para a coordinación das accións que regula este real decreto e o punto focal de información sobre esta materia, sen prexuízo daqueles aspectos relacionados coa seguridade alimentaria, que corresponden ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a través da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.

2. Para efectos da necesaria coordinación co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama), do cumprimento das disposicións do presente real decreto, e da planificación e execución das accións e acordos que se adopten de conformidade con el, cada comunidade autónoma e as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla comunicarán un órgano ou ente competente que actuará como punto focal no seu ámbito territorial, sen prexuízo das competencias que poidan ter os distintos órganos da comunidade autónoma en relación coas disposicións deste real decreto.

3. No prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor do presente real decreto, cada comunidade autónoma e as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla notificarán á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o órgano ou ente competente a que se refire o número anterior. Calquera cambio deste órgano comunicarse de forma inmediata á citada dirección xeral do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Para os efectos previstos no presente real decreto, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente estará asistido polo Comité Fitosanitario Nacional, en diante, o Comité, cuxa composición e funcións se encontran reguladas no artigo 18 do Real decreto 58/2005,

do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

Artigo 4. *Obrigacións dos agricultores.*

1. Anualmente os agricultores deberán notificar ao órgano competente da comunidade autónoma toda a información recollida no anexo do presente real decreto para efectos da súa inscrición no Rexistro Xeral da Produción Agrícola (Rexepa). A dita declaración deberase producir no mesmo período en que se presenten as solicitudes únicas de axuda da política agrícola común (PAC), ou do Programa de opcións específicas polo afastamento e insularidade (Posei) en cada campaña.

2. As explotacións agrícolas de nova constitución deberán notificar a información referida no número 1 dentro do mes seguinte ao inicio da súa actividade. As explotacións agrícolas que abandonen a actividade deberán, igualmente, notificar a dita situación dentro do mes seguinte ao cesamento da súa actividade.

3. Os agricultores que notifiquen a dita información por calquera outra vía estarán exentos de cumprir as obrigacións previstas nos números 1 e 2. Para tal efecto, a solicitude única de axudas da PAC ou Posei terá consideración de notificación para a inscrición no Rexepa.

4. Os agricultores deberán cumprir coas obrigacións en materia de hixiene establecidas no anexo I do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, e no anexo I do Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, segundo sexa de aplicación.

Artigo 5. *Rexistro Xeral da Produción Agrícola.*

1. Créase o Rexistro Xeral da Produción Agrícola, no sucesivo o Rexepa, no cal se inscribirán as explotacións agrícolas que se encontren dentro do ámbito de aplicación do presente real decreto. O dito rexistro nutrirase dos datos dos diferentes rexistros autonómicos xa creados.

2. Os órganos ou entes competentes das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla inscribirán as explotacións agrícolas que correspondan, asignando a cada explotación agrícola un código para garantir a súa identificación única coa seguinte estrutura:

- a) Dous díxitos que identificarán a comunidade autónoma ou as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, onde se inscribe.
- b) Dous díxitos que identificarán a provincia onde teña maior base territorial a explotación agrícola.
- c) Seis díxitos correlativos para a numeración identificativa.

3. Naqueles casos en que unha explotación agrícola estea presente en máis dunha comunidade autónoma ou das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, a inscrición no Rexepa deberá realizala o órgano ou ente competente da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía en que a explotación agrícola teña unha maior superficie.

4. Coa finalidade de fomentar o intercambio de información entre órganos ou entes competentes das comunidades autónomas, así como facilitar os labores de control e rexistro das explotacións agrícolas, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, asistido polo Comité, creará un sistema informático que permitirá o intercambio de información e a xestión informática dos rexistros e que porá á disposición das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla. O dito sistema informático deberá incluír un campo para os códigos asignados, se for o caso, nos rexistros autonómicos, o cal permitirá ligar o código descrito no número 2 cos códigos autonómicos. A consulta da aplicación informática estará dispoñible para o público en

xeral na web do Magrama. Así mesmo, os agricultores inscritos no Rexepa poderán consultar o código de identificación asignado para a súa explotación a través da web.

5. Nos casos en que se interrompa a actividade das explotacións agrícolas, isto é, que non se realice ningunha notificación de modificación ou actualización durante un período de tres anos, procederase a dar de baixa a explotación agrícola no Rexepa e, en calquera caso, deberase conservar a información histórica de todas as explotacións agrícolas no sistema informático establecido no número 4.

Artigo 6. *Programa de control oficial da produción primaria agrícola.*

1. O Programa de control oficial da produción primaria agrícola comprenderá a verificación das obrigacións establecidas no Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004; no Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004; no Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005; no Regulamento (CE) n.º 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios e polo que se derrogan as directivas 79/117/CEE e 91/414/CEE do Consello; no Regulamento (UE) n.º 208/2013 da Comisión, do 11 de marzo de 2013, sobre requisitos en materia de rastrexabilidade dos brotes e das sementes destinadas á produción de brotes; no Regulamento (UE) n.º 209/2013 da Comisión, do 11 de marzo de 2013, que modifica o Regulamento (CE) n.º 2073/2005 no que respecta aos criterios microbiolóxicos para os brotes e as normas de mostraxe para as canais de aves de curral e a carne fresca de aves de curral; no Regulamento (UE) n.º 210/2013 da Comisión, do 11 de marzo de 2013, sobre a autorización dos establecementos que producen brotes en virtude do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, e no Regulamento (UE) n.º 211/2013 da Comisión, do 11 de marzo de 2013, relativo aos requisitos de certificación aplicables ás importacións na Unión de brotes e sementes destinadas á produción de brotes, así como con calquera outra normativa nacional ou comunitaria relacionada coa hixiene dos produtos vexetais.

2. Anualmente, antes do 31 de outubro de cada ano, a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, asistida polo Comité, elaborará, en coordinación coas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, o Programa nacional de control oficial da produción primaria agrícola, onde se marcarán os obxectivos, as pautas e as directrices para o ano seguinte, coa finalidade de que os órganos ou entes competentes das comunidades autónomas elaboren os seus propios.

3. Como máis tardar o 1 de abril de cada ano, os órganos ou entes competentes das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla deberán informar dos resultados dos controis realizados o ano anterior a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no formato previsto para o efecto no programa nacional regulado nos números 1 e 2.

Artigo 7. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do previsto neste real decreto ou na regulamentación da Unión Europea, será de aplicación, en función da materia, o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 43/2002, do 20 de novembro; na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición; na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, ou na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Rexistro das explotacións agrícolas en funcionamento.*

Os agricultores que xa estivesen desenvolvendo a súa actividade antes da entrada en vigor do presente real decreto deberán facilitar ao órgano ou ente competente da comunidade autónoma ou das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla a información recollida no anexo, segundo o establecido nos números 1, 2 e 3 do artigo 4 do presente real decreto, no prazo máximo de 6 meses desde a entrada en vigor do presente real decreto, co obxecto de que estes procedan á súa inscrición no Rexepa. Para estes efectos, se o agricultor presentou unha solicitude das previstas no artigo 4.1 no ano de publicación deste real decreto considerárase a declaración efectuada na dita solicitude única como declaración para efectos da súa inscrición no Rexepa.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 971/2014, do 21 de novembro, polo que se regula o procedemento de avaliación de produtos fitosanitarios.*

A letra ñ) da disposición derogatoria única do Real decreto 971/2014, do 21 de novembro, polo que se regula o procedemento de avaliación de produtos fitosanitarios, queda suprimida.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de modificación.*

Facúltanse as persoas titulares dos ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, para modificar, no ámbito das súas respectivas atribucións, o contido do anexo para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xaneiro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO

Información mínima que deberá notificar o agricultor

Nome e apelidos ou denominación social.

NIF do agricultor da explotación.

Enderezo postal.

Datos de contacto. Ao menos unha das seguintes vías de comunicación serán obrigatorias: teléfono, fax ou enderezo de correo electrónico.

Relación de parcelas ou recintos Sixpac que compoñen a explotación, dos cales se deberá notificar, ao menos, a seguinte información:

Código Sixpac.*

Superficie (ha).

Cultivo presente nelas.

Autocontrois. De maneira voluntaria poderase indicar se a explotación agrícola realiza algún tipo de autocontrol.

Código ou códigos do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA): este campo só será necesario para aquelas explotacións con produción mixta agrícola e gandeira.

* Naqueles termos municipais en que se produciron modificacións territoriais ou outras cuestións debidamente xustificadas (como, por exemplo, no caso de concentracións parcelarias) que impidan utilizar o código Sixpac, as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla poderán determinar a autorización temporal doutras referencias oficiais.